

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACION DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL DE OROSO, DOS PREGOS DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS E DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS, DA MEMORIA XUSTIFICATIVA E DO ESTUDO ECONÓMICO QUE REXERA A DITA CONTRATACIÓN E AUTORIZACIÓN DO GASTO

Nº EXPEDIENTE ORIXE: 2024/C004/000007

LOGO DE VER o informe emitido polo Técnico de Deportes, don Manuel Cruz Ferro do 05/02/2024 xustificando a insuficiencia de medios propios para cubrir o servizo de piscina municipal.

E DE VER a Providencia da Alcaldía do 11.03.2024 xustificando a necesidade de proceder á licitación do contrato de servizos de xestión da piscina municipal, mediante procedemento aberto, tramitación urxente e con pluralidade de criterios de adxudicación e que se elaboren os pregos de cláusulas administrativas particulares e se emita certificado de existencia de crédito adecuado e suficiente e os preceptivos informes de secretaría e intervención.

E DE VER o prego de prescricións técnicas particulares e a Memoria e estudo económico elaborados pola mercantil Into Consulting, S.L. e asinados o día 11.03.2024 respectivamente.

E DE VER a Providencia da Alcaldía do 12.03.2024 pola que se ordea que se aplique á licitación do contrato de servizos de xestión da piscina municipal incoado por Providencia da Alcaldía do 11.03.2024, o prego de prescricións técnicas particulares e a Memoria e estudo económico elaborados pola mercantil Into Consulting, S.L., asinados o día 11.03.2024 respectivamente.

E DE VER o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación e tramitación urxente(CVD: M/oyON9Lm3CIYCEIEtda), redactado pola técnica de contratación, dona Ana María Liñares Castro e asinado dixitalmente o día 12/03/2024.

E DE VER o certificado de existencia de crédito adecuado e suficiente emitido polo Interventor municipal o día 13/03/2024.

E DE VER o informe favorable da secretaría municipal de data 14.03.2024

E DE VER o informe de fiscalización favorable da intervención de data 15.03.2024.

TENDO EN CONTA que a tramitación urxente do procedemento xustifícase pola imperiosa e urxente necesidade de cubrir contractualmente o servizo e cesar a situación irregular actual, na cal se está

PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO – OROSO | A CORUÑA | T 981 691 478 | F 981 691 786 | info@concellooroso.com

www.orosos.es | www.concellooroso.com

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.orosos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público)).

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.

acudindo ao contrato menor, para poder seguir prestando o servizo de piscina xa que supón unha importante contribución na promoción do deporte e da vida saudable dos veciños de Oroso.

No uso das atribucións conferidas pola Disposición adicional segunda da lei 9/2017 de contratos do sector público e o artigo 217.1) e 185 de Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, e de conformidade co previsto no artigo 117 e 119 da lei 9/2017 de contratos do sector público, **ACABO EN DECRETAR:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, e os pregos de cláusulas administrativas (CVD: M/oyON9Lm3CIYCEI/tda) elaborados pola técnica de contratación e asinados dixitalmente o 12.03.2024 e os pregos de prescricións técnicas particulares e Memoria e estudo económico elaborados pola mercantil Into Consulting, S.L. e asinados o día 11.03.2024, que rexerán o contrato de servizos de xestión da piscina municipal de Oroso por procedemento aberto e pluralidade de criterios e tramitación urxente, suxeito a regulación harmonizada e non dividido en lotes, tendo en conta a imperiosa necesidade de adxudicación do contrato pola mencionada circunstancia.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto polo seguinte importe con cargo a seguinte aplicación do orzamento municipal prorrogado para o exercicio 2024:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ANO 2024
342.227.11	95.172,55 €

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación e publicar o correspondente anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no Perfil do contrante do Concello de Oroso aos efectos de que todos os interesados poidan presentar as súas proposicións.

En Oroso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldía-Presidencia, do que eu, como Secretario, dou fe.

En Oroso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldía-Presidencia, do que eu, como Secretario, dou fe.

PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO – OROSO | A CORUÑA | T 981 691 478 | F 981 691 786 | info@concellooroso.com

www.orosos.es | www.concellooroso.com

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.orosos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público)).

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.